

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 10/01/2022
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDE

ARGIMIRO SERÉN MERA

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LINO MOURIÑO SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

MATILDE LAYA LORENZO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:50 horas do día 10/01/2022 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión . Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Lista de non asistentes

ALBERTO VARELA PAZ

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 03 de xaneiro de 2022, que se aprobou por unanimidade.

SECRETARIA ACCTAL.

MARIA ROSARIO GONZÁLEZ PACIOS

INTERVENTORA ACCTAL

ROSA MARIA OTERO PINEIRO

RÉXIME INTERIOR

PRP2022/0015

Visto o escrito presentado pola Asociación TDAH Salnés solicitando autorización para pintar unha das paredes do local situado en rúa Castelao 13, local cedido polo Concello de Vilagarcía, onde realiza actividades da propia asociación para os socios ao longo do ano. A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

PRP2022/0016

Dáse conta do Convenio de colaboración entre o Sergas e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a execución das obras de construción dun novo Centro de Saúde, no Concello de Vilagarcía de Arousa. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o mesmo.

PRP2021/4355

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación á empresa GESTION TRIBUTARIA TERRITORIAL S.A. da renovación dun servizo de explotación en modo “cloud” da aplicación informática de xestión tributaria, recadación e inspección de ingresos (SIT) e da subsede electrónica tributaria (ovt.vilagarcia.gal) para o ano 2022 por un importe de 54.340,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 931.22706, de conformidade coa oferta presentada.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/4356

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación á empresa GESTION TRIBUTARIA TERRITORIAL S.A. da renovación dun servizo de soporte e mantemento da aplicación informática de xestión tributaria, recadación e inspección de ingresos (SIT) e da subsede electrónica tributaria (ovt.vilagarcia.gal) para o ano 2022 por un importe de 56.810,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 931.22706, de conformidade coa oferta presentada.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/4730

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación á empresa SOLITIUM NOROESTE S.L.U., dun contrato de mantemento dos equipos de impresión do Concello para os primeiros seis meses do ano 2022, de conformidade coa oferta presentada.

A oferta económica divídese en dúas cantidades, un importe de 13.068 € (IVE incluído), destinado a reposición dos compoñentes das fotocopiadoras e un prezo por copia en Blanco e Negro (0,006 €, IVE incluído) e por copia en cor (0,059 €, IVE incluído) destinado a tóner, desprazamentos e man de obra. A facturación será mensual.

DISTRIBUCION POR DEPARTAMENTOS MANTENEMENTO FOTOCOPIADORAS DE XANEIRO A XUÑO								
					SEN IVE	CON IVE		
	COPIAS COLOR	76.419,00	PREZO UNITARIO		0,049	0,05929		
	COPIAS B/N	529.850,00	PREZO UNITARIO		0,005	0,00605		
	IMPORTE PARTE FIXA	13.068,00						
	COPIAS TOTAIS	606.269,00						
			VARIABLE	FIXA		VARIABLE	FIXA	TOTAL
	Nº COPIAS/IMPORTE	76419	0,05929	1.647,20	529850	0,00605	11.420,80	
SPAD	2311-22000		0,00	0	1,50%	48,08	171,31	219,39
EMPREGO	241-22000		0,00	0	0,53%	16,99	60,53	77,52
ESCOLA OBRADOIRO	2412-22199 (2021-3-FORME-1)		0,00	0	2,63%	84,31	300,37	384,68
CONSERVATORIO	3261-22000	2,30%	104,21	37,89	1,93%	61,87	220,42	424,39
ESCOLA MUSICA	3262-22000	2,00%	90,62	32,94	1,28%	41,03	146,19	310,78
BIBLIOTECAS	3321-22000		0,00	0	1,66%	53,21	189,59	242,80
FERIAS(MARIO)	4311-22199	1,80%	81,56	29,65	2,65%	84,95	302,65	498,80
ADMON XERAL	920-22000	93,90%	4.254,50	1546,72	87,82%	2.815,15	10.029,75	18.646,12
		100,00%	4.530,88	1647,2	100,00%	3.205,59	11.420,81	20.804,49

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

RECURSOS HUMANOS

PRP2022/0017

Dáse conta do Convenio de Colaboración entre os Concellos de Cangas e Vilagarcía de Arousa para a cesión das respectivas bolsas de emprego para a contratación temporal de mestres de música. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o mesmo.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2022/0001

Dáse conta para a a súa aprobación á Xunta de Goberno Local do escrito presentado pola empresa Aralia para a autorización de prácticas da formación SSCS0108 Atención sociosanitaria a personas en el domicilio, no Servizo de Axuda a Domicilio do Concello de Vilagarcía de Arousa coa entidade de formación G12 Grupo Empresarial de Servicios S.L. “ Atención sociosanitaria a

persoas no domicilio, eximindo de toda responsabilidade no exercicio as citadas prácticas ao Concello de Vilagarcía de Arousa, e previo consentimento das persoas beneficiarias. A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a realización das citadas prácticas nas condicións indicadas na solicitude.

PRP2022/0002

Vista a proposta da Concellería de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente ao Servizo de Teleasistencia Domiciliaria que presta Cruz Vermella para o ano 2022 para un total de 25 persoas, por un importe de 6.000,00€ (17,50 €/mes cada terminal), con cargo á partida 231.22643.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CONTRATACIÓN

PRP2022/0004

Dase conta da concesión pola Deputación Provincial da subvención por importe de 100.000,00€, con cargo á Rede Agora para o proxecto "HUMANIZACIÓN DA RUA ARZOBISPO LAGO". A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2021/4751

Dáse conta da solicitude presentada polo Museo do Mar de Galicia relativa á ampliación do prazo do préstamo ata o vindeiro mes de abril da obra de Antonio Palacios denominada "Plano do ensanche de Vilagarcía, 1922", para a exposición denominada "Antonio Palacios. Soños de Modernidade. Compromisos con Galicia"

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

E sen máis asuntos que tratar, ás 11:14 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.